

## **MATRIOSHKA TEATRO** presenta **COMANDO COMADRES**

unha creación da compañía Matrioshka Teatro, producida por Artefeito Producións SCG en colaboración coa Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e o apoio do concello de A Estrada.

Comando Comadres é a última creación escénica de Matrioshka Teatro para público adulto e adolescente, dirixida por Gena Baamonde e interpretada por Anabell Gago, Chelo do Rejo e María Ángeles Iglesias. Unha peza teatral en feminino plural necesaria e reivindicativa do papel da muller na sociedade actual.

### **Historia da Compañía:**

-Matrioshka Teatro nace a lume lento, da man de 3 mulleres, Anabell Gago, Chelo do Rejo e Lorena Conde que buscamos facer un teatro de creación, para poñer en escena o que a nós nos inqueda e nos gustaría ver

-Matrioshka Teatro somos de onde vivimos, alimentámonos do legado das xeracións que foron antes ca nós. Repousamos o vivido e tratamos de compartir coas que están e coas que virán. Somos teatro de partillar e coidar. Mulleres que abrazan, mulleres que acubillan e que fomos acubilladas por outras

- Apostamos por camiños intermedios, por linguaxes misturadas que transiten neses lugares de intersección, de recollida e cruzamento entre o teatro máis clásico e o contemporáneo.

-Cremos nun teatro onde as intérpretes están no centro da creación, apostamos polas dramaturxias a pé de escena, sen deixar de lado unha estética coidada, e a frescura e a naturalidade mediante un diálogo aberto sempre co público.

### **-Espectáculos producidos por Matrioshka Teatro son:**

1. Cést la vie (dirixida por Marta Pazos),
2. Manawee (dirixida por Uxía P. Vaello),
3. Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos (dirixida por Gena Baamonde)
4. e Comando Comadres (dirixida por Gena Baamonde)

### **- Premios recibidos :**

1. “C’est la vie” recibiu o premio María Casares XVIII do ano 2014 á mellor caracterización realizada por Trini F. Silva
2. “Manawee” foi nomeada a catro premios na XX edición premios de teatro María Casares do ano 2016, como Mellor Espectáculo Infantil, Mellor Actriz Secundaria, Mellor Maquillaxe e Mellor Música orixinal. Recibiu este último premio grazas á música de Mónica de Nut, Javier Bermejo e Vadim Yucknevich.

## Sobre o novo espectáculo: COMANDO COMADRES

conta, a través do humor, como un grupo de Artivistas organizadas por Comandos ataca as múltiples manifestacións da violencia sexista, e cuestiona a persistencia dos seus valores no pensamento hexemónico actual. Está composta por cinco comandos de temáticas diferentes:

- **COMANDO MEIGAS:** céntrase na demonización das mulleres que non encaixamos no modelo patriarcal.
- **COMANDO SIÑAS:** fálanos da invisibilización das mulleres de certa idade que xa non cumprimos as expectativas reprodutivas do patriarcado.
- **COMANDO SACHO:** afiánzase na sabedoría e na fortaleza das mulleres lonxe dos estereotipos de seres débiles ou vítimas.
- **COMANDO PEDAGÓXICO:** expón con humor a negación, e os prexuízos para responsabilizarnos dunha educación sexual san.
- **COMANDO CATAPLASMA:** reivindica o saber ancestral das mulleres en conexión coa terra, os ecosistemas saudables, o coñecemento e o uso das plantas e a necesidade vital das relacións e os coidados sociais.

Os Comandos están conformados por pequenos grupos de mulleres preparadas para as encomendas máis perigosas: levar a cabo incursións no territorio inimigo para poñer luz sobre a inxustiza e volver airosas da misión.

Mediante estratexias impredecibles e irreverentes van creando unha rede de Comandos Comadres a nivel mundial centrada na importancia da igualdade dos dereitos e deberes entre ambos xéneros, tanto no ámbito público coma no privado, para o coidado dos ecosistemas naturais e sociais.

Matrioshka Teatro dá un paso máis no seu compromiso escénico como mulleres creadoras con COMANDO COMADRES destacando a necesidade de levar á escena unha homenaxe a tódalas heroínas de a diario, ás mulleres invisibilizadas, á historia oculta do noso pasado.

Comando Comadres abre o seu círculo da man desas mulleres libres, sabias e feministas das que nunca deixamos de aprender. A compañía, continúa así a senda daquelas que loitaron de tódalas formas posibles na busca da visibilización dunha historia compartida e continuada no tempo.

A peza camiña polas fendas que as Comadres foron quen de construír, e mostra modelos de mulleres diversas que poidan deixar de ser sempre amables e conformistas: “Queremos falar cando nos pete, respirar, bailar, berrar e rir a cachón”

Comando comadres busca, nesta liña, dar relevancia tamén aos corpos, e poñer a vida no centro de atención. “Somos mulleres diversas, somos señoras que non queremos desaparecer da escena porque non teñamos a idade que se considera axeitada, porque non teñamos o corpo estandarizado, porque non nos queiramos construír dentro dun canon de beleza imposto. E queremos facelo utilizando a gargallada como arma para encher os ouvidos de risas salvaxes, para ensinar unha diversidade corporal orgullosa, que se divirte bailando, xogando e imaxinando”.

Comando Comadres é un espectáculo necesario na escena galega actual porque busca e afonda na visibilización de modelos de mulleres que se consideraron á marxe das estruturas sociais e dos ditados impostos, ou que pasaron á historia cargadas cun halo de malditismo e reprobación.

Mulleres que moitas veces foron castigadas unicamente polo seu xeito de vivir libertario, por non convivir cun home, polo seu poder económico ou pola súa sabedoría manifesta.

Neste proxecto Matrioshka Teatro tamén quere dar relevancia ao coidado do mundo a través dunha óptica ecofeminista, e incide nunha relectura das mulleres portadoras dos saberes que conteñen os

elementos da natureza, relegadas durante os últimos séculos pola medicina e pola ciencia oficial baixo unha lectura despectiva como meigas, bruxas ou ignorantes e supersticiosas.

O ecofeminismo nace da man de numerosas activistas que recollen os discursos da necesidade dos cuidados do noso ecosistema e das nosas sociedades dende unha óptica feminista, é dicir igualitaria tanto para os homes coma para as mulleres.

### **FICHA ARTÍSTICA de COMANDO COMADRES:**

- Interpretación: Chelo do Rejo, M<sup>a</sup> Ángeles Iglesias e Anabell Gago
- Dirección e dramaturxia: Gena Baamonde
- Asistencia movemento escénico: Andrea Quintana
- Autoría do texto orixinal: Gena Baamonde, M<sup>a</sup> Ángeles Iglesias, e Matrioshka Teatro (Chelo do Rejo, Lorena Conde e Anabell Gago)
- Manifesto Comando Mazá: Ana Cabaleiro
- Música orixinal: Mónica de Nut
- Deseño de vestiario: Gena Baamonde
- Xastrería: Bety (Chimpos S.L.)
- Deseño espazo escénico e atrezzo: Gena Baamonde
- Deseño de iluminación e dirección técnica: Octavio Mas
- Deseño de caracterización: Trini F. Silva
- Fotografía: Inés Salvado
- Deseño cartel: Lorena Conde
- Deseño gráfico: Alba Aller (O Copión S.L.)
- Deseño web e RRSS: Terrum Social
- Comunicación: Belém Brandido
- Carpintería: Ángel Otero
- Gravación e edición de vídeo: Tamboura Films S.L.U.
- Producción: Matrioshka Teatro e Artefeito Producións S.C.G.
- Distribución: Matrioshka Teatro

**Agradecementos:** Comando Mazá, Mulleres Transgredindo, Comando Gordix, Mujeres de Artes Tomar, Ana Seoane, Motos Marque, Manuel Cabaleiro, Fernando Campos, Tato López, e Javier Vigo.

### **FUNCIÓNS DE COMANDO COMADRES:**

- Estrea no Teatro Principal de A Estrada o domingo 31/10/2021 ás 19 h
  - Entradas dispoñibles á venda no Departamento de Cultura do Concello, ou na billeteira do teatro dende unha hora antes da función. Prezo das entradas 5 € e 3 € para persoas bonificadas.
- Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo, o xoves 18/11/2021 ás 20:30 h
  - Entradas dispoñibles á venda en [www.entradaslugo.es](http://www.entradaslugo.es) ou na billeteira do auditorio dende unha hora antes da función. Prezo das entradas 5 €
- Teatro Principal de Pontevedra, o xoves 25/11/2021 ás 21 h
  - Entradas dispoñibles á venda en [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com) ou na billeteira do teatro dende unha hora antes da función. Prezos das entradas: 8 €, e 4€ para persoas estudantes, desempregadas e maiores de 65 anos que acrediten algunha destas condicións.
- Casa da Cultura de A Laracha, o 26/11/2021 ás 21 h
  - Entradas de balde ata completar aforo, na Casa da Cultura o mesmo día da actuación.